

1 Instalación a través de url: ubase

- Como se indicou anteriormente as plantillas de Linux permiten que se instale un SO a través de internet.
- Para iso na pantalla de selección do Medio de Instalación débese escoller: **Install from url**.
- **IMPORTANTE:** Aínda que logo se baixe a RAM da MV, a MV debe crearse con mínimo 512 MB de RAM. Aconsellable 1 GB e así a instalación é máis rápida.

- Segundo o Sistema Operativo as urls son:

- ◆ **Debian:** ftp://ftp.codigo_pais.debian.org/debian. Por exemplo: <ftp://ftp.es.debian.org/debian>

- ◆ **Ubuntu:**

- ◊ Se usamos as plantillas que proporciona Xen o creadas por nós:

- http://algúns_códigos_de_país.archive.ubuntu.com/ubuntu/

- Exemplo: <http://us.archive.ubuntu.com/ubuntu>

- ◊ Se desexamos explicitar a versión que desexamos:

- <http://us.archive.ubuntu.com/ubuntu/dists/> (nome da distribución)

- Exemplo:

- <http://us.archive.ubuntu.net/ubuntu/dists/trusty> (14.04)

- **NOTA:** As versións 14.04 e 16.04 non está soportadas nas actuais plantillas de Xenserver 7.0 (Novembro 2016) para ser instaladas dende url.

- Para crear as planillas que soporten a instalación a través de URL vaise copiar a planilla da versión 12.04 e sobre ela crear novas planillas para as versións 14.04 e 16.04.

- **Versión 14.04**

```
UUID=`xe template-list name-label="Ubuntu Precise Pangolin 12.04 (64-bit)" params=uuid --minimal`
NEW_UUID=`xe vm-clone uuid=$UUID new-name-label="Ubuntu Trusty 14.04 (64-bit) - permite URL"`
xe template-param-set other-config:default_template=true other-config:debian-release=trusty uuid=$NEW_UUID
```

- **Versión 16.04**

```
UUID=`xe template-list name-label="Ubuntu Precise Pangolin 12.04 (64-bit)" params=uuid --minimal`
NEW_UUID=`xe vm-clone uuid=$UUID new-name-label="Ubuntu Xenial 16.04 (64-bit) - permite URL"`
xe template-param-set other-config:default_template=true other-config:debian-release=xenial uuid=$NEW_UUID
```

- O usuario, co visto ate agora, debe poder instalar por si mesmo un Ubuntu Server 14.04 ou 16.04 de 64 bits a través de internet usando como planillas unha das 2 creadas enriba.
- Ao ir a través de internet, dependendo da liña de conexión, pode que o proceso de instalación pareza que non fai nada en certos momentos.
- No momento de comezar a instalación no idioma escoller **C**.
- **Unha vez instalada a MV non realizar nada máis nela.**

- A continuación amósase o escenario de instalación da MV **ubase** do escenario 4.B.

Escenario 4.B: Configuración usando VirtualBox

